

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ALUMEADO EN DIVERSAS RÚAS DA CIDADE DURANTE O SAN FROILÁN 2012

Sendo as 12,30 horas do día 14 de setembro de 2012, no salón de Plenos do Concello (sito na Praza Maior), constitúese Comisión de Festas actuando como Mesa de Contratación, presidida polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde da Área e titular da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua don Antón Bao Abelleira e actuando como vocais dona Sonia Méndez García, polo Grupo Municipal Socialista, don Angel Trabada Gómez en representación do Grupo municipal do PP, don Marcial Rodríguez Toajas interventor xeral do Concello, don Jose Antonio Carro Asorei, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo en substitución da letrada asesora do Concello, dona Matilde García Losada, xefa da sección de cultura e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do servizo de contratación.

Abre a sesión a Sr. Presidente e procédese por parte da Sr. Srecretario a informar que todas as empresas as que se lles requeriú documentación a presentaron en tempo e forma procedendo a continuación a dar lectura do informe técnico da sección de cultura do Concello en relación á valoración económica das melloras e as características técnicas, ofertadas polas empresas participantes, co seguinte teor:

“Asunto: Alumado ornamental da Cidade durante o San Froilán-2012.

INFORME DA SECCIÓN DE CULTURA.

Á vista das ofertas presentadas, a funcionaria que subscribe informa o que segue:

1.- OFERTA DE ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL.

Prezo ofertado: 20,000,32 máis 21% de Ive.- Total: **24.200,39 €**

Melloras: Instalación de 41 arcos máis, repartidos entre seis rúas que non estaba previsto alumear e reforzar o de 4 rúas.

Valor económico estimado desta mellora: 3746,22 €

A esta mellora hai que engadir a instalación do letreiro na fachada do Concello e a posta en funcionamento do alumado do templo da Praza Maior.

Según documentación obrante no departamento no ano 2011 pola instalación dun letreiro sinxelo durante o Entroido a mesma empresa facturou 1.700 euros.

Importe total estimado das melloras: 5.446 €

2.- OFERTA DE ELECTROMIÑO, ILUMINACIÓN-SONIDO.

Prezo ofertado: 19.800 € máis ive.- **Total: 23.958 €**

Melloras: 6 arcos na rúa Montero Rios que non estaba prevista a iluminación ornamental.

CONTRATACION

MLA/rdi

Ref: ALUMEADO SAN FROILÁN 2012

Asunto: acta lectura informe técnico e adjudicación

Valor económico fixado polo contratista: 900 €

3.- OFERTA DE ILUMINACIONES UMIA, S.L.

Prezo ofertado: 17.500 € máis o 21% de IVE. Total: **21.175 €**

Instalaranse dúas portadas luminosas de led para as entradas principais.

Instalaranse 18 arcos luminosos no lugar e dúas portadas no lugar que determine o Concello. Estas portadas entendo que xa están previstas no prego para instalar nas portas da Muralla.

- Valor estimado: 1.415,00 € dos arcos.

Tendo en conta o disposto na base décimo segunda: Criterios de avaliación, considera que, en cuanto os materiais, as tres empresas emplean os materiais idoneos, (estructura de aluminio reforzado, bombillas e fio de led, micro lámparas, lámparas flash que procuran un importantísimo aforro enerxético).

En cuanto ó deseño considero que as dúas primeiras ofertas fan unha recreación da instalación na cidade que é suñible.

Polo que neste apartado otorgaría 2 puntos a Iluminaciones Santiaguesas e 2 puntos a Electromiño. E 1,5 a Iluminaciones Umia.

No referente a melloras sen custo para o Concello:

Otorgaría 2 puntos a Iluminaciones Santiaguesas S.L.

0,33 puntos a Electromiño Iluminación y Sonido

0,51 puntos a Iluminaciones Umia S.L

Observación: As dúas primeiras ofertas recollen de forma explícita a totalidade das demandas.

A terceira acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego. ”


A vista do cal, os membros da mesa, elaboran o cadro de puntuación total obtido por cada unha das empresas participantes, tendo en conta as melloras, as características técnicas e a oferta económica:

	Prezo	Características técnicas	Melloras	TOTAL
ILUMINACIONES SANTIAGUESAS	3,23	2	2	7,23
CREACIONES LUMINOSAS	3,45	2	0,33	5,78
ILUMINACIONES UMIA	6	1,5	0,52	8,02

Na súa consecuencia tendo en conta puntuacións finais, os integrantes da comisión de festas acordan por unanimidade propoñer a adxudicación do contrato á empresa ILUMINACIONES ÚMIA, S.L nas condicións incluídas na súa proposición


Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 12:45 horas.

O PRESIDENTE



Asdo: Antón Bab Abelleira

O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz

